Naquelas seccións que non cubran o 50 % das prazas ou cando, cumpríndose a dita porcentaxe, á vista das solicitudes presentadas non se poidan cumprir os obxectivos do programa deportivo da federación, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá non conceder as prazas solicitadas.

Artigo 19. *Duración das prazas*

A duración das prazas será desde o 8 de setembro de 2026 ata o 31 de xullo de 2027, exceptuando o grupo de tecnificación, que rematará a última semana do período lectivo.

CAPÍTULO III Dos criterios de valoración

Artigo 20. *Criterios de valoración*

1. Todos os méritos que se van valorar nos criterios deportivos e académicos que a continuación se detallan deberán estar debidamente reflectidos no anexo VI desta convocatoria.

2. Valoraranse os criterios deportivos da modalidade deportiva e especialidade para a cal solicitan a praza ao CGTD.

3. Para a tecnificación de triatlón, nas probas de ácuatlón e dúatlón, terán un valor da metade de puntos sobre a modalidade olímpica.

4. Para valorar os/as deportistas nas modalidades en que non haxa modalidades ou probas olímpicas na categoría infantil, e así o especifiquen no anexo II desta convocatoria,



a valoración do resultado será a que especifique a federación e que sexa máis próxima á modalidade e proba olímpica.

5. Non serán valorados os méritos deportivos acadados nos campionatos de España de clubs, nos campionatos de España por seleccións autonómicas, nin tampouco en copas ou competicións internacionais de clubs.

6. A valoración dos resultados acadados en que a participación sexa formando parte dun equipo efectuarase segundo as seguintes regras:

- Para o acceso ás prazas de tecnificación, tomarase a puntuación resultante do posto acadado polo equipo e dividirase entre o número de deportistas integrantes do equipo.

- Para o acceso ás prazas de rendemento tomarase a puntuación resultante do posto acadado polo equipo como a individual de cada un dos deportistas integrantes deste.

- Non serán susceptibles de valoración os resultados acadados en competicións internacionais que non sexan formando parte da selección española en convocatoria oficial pola federación nacional.

- As embarcacións dobres en vela, os dobres en bádminton e o dúo feminino en natación artística consideraranse como probas individuais.

7. Non se valorarán os resultados deportivos acadados en categorías máster, veteranos ou similar.

8. A Comisión de Valoración é o órgano competente para a interpretación e resolución de dúbidas relacionadas coa aplicación dos criterios de valoración previstos nestas bases, e da valoración dos resultados deportivos con base na documentación achegada.

Artigo 21. *Criterios de valoración para os deportistas de tecnificación*

1. Criterios deportivos.

Será preciso acadar unha puntuación mínima de 10 puntos na epígrafe de criterios deportivos para optar a unha praza no CGTD.

A valoración do rendemento deportivo realizarase en función da categoría en que o/a deportista proposto/a competise no ano en que se publica esta convocatoria de prazas,



cunha participación mínima de 6 competidores, e do seu ano de nacemento. En caso de non existir modalidade e proba olímpica ou paralímpica na súa categoría requirirase certificado da federación española da modalidade e/ou proba que poida considerarse equiparable. A valoración efectuarase segundo o seguinte baremo:

a) Para valorar os deportistas nados nos anos 2012, 2011, 2010 e 2009 (máximo de 52 puntos):

– Mellor resultado no campionato de España nos dous últimos campionatos celebrados en modalidade e proba olímpica ou paralímpica (de 35 a 4 puntos)*:

* Nas probas onde o resultado se acade formando parte dun equipo, a puntuación obtida polo posto acadado dividirase entre o número de integrantes do equipo (exemplo: 1º en catro *scull*: $35 / 4 = 8,75$ para cada deportista).

– 1º posto: 35 puntos.

– 2º posto: 30 puntos.

– 3º posto: 25 puntos.

– 4º posto: 20 puntos.

– 5º posto: 18 puntos.

– 6º posto: 16 puntos.

– 7º posto: 14 puntos.

– 8º posto: 12 puntos.

– 9º posto: 10 puntos.

– 10º posto: 8 puntos.

– 11º posto: 6 puntos.

– 12º posto: 4 puntos.



– Mellor resultado no campionato galego nos dous últimos campionatos celebrados en modalidade e proba olímpica ou paralímpica (de 17 a 9 puntos)*:

* Nas probas onde o resultado se acade formando parte dun equipo, a puntuación obtida polo posto acadado, dividirase entre o número de integrantes do equipo (exemplo: 1º en catro *scull*: $17 / 4 = 4,25$ para cada deportista).

– 1º posto: 17 puntos.

– 2º posto: 15 puntos.

– 3º posto: 13 puntos.

– 4º posto: 11 puntos.

– 5º posto: 10 puntos.

– 6º posto: 9 puntos.

b) Nas modalidades en que non haxa campionato de España na categoría infantil, segundo o anexo II desta convocatoria, para a valoración dos deportistas tomarase a valoración do resultado no campionato galego infantil, en modalidade e proba olímpica ou paralímpica individual, segundo o seguinte baremo cun máximo de 40 puntos (de 40 a 18 puntos)*:

* Nas probas onde o resultado se acade formando parte dun equipo, a puntuación obtida polo posto acadado, dividirase entre o número de integrantes do equipo (exemplo: 1º en catro *scull*: $40 / 4 = 10$ para cada deportista).

– 1º posto: 40 puntos.

– 2º posto: 36 puntos.

– 3º posto: 32 puntos.

– 4º posto: 28 puntos.

– 5º posto: 26 puntos.



- 6º posto: 24 puntos.
- 7º posto: 22 puntos.
- 8º posto: 20 puntos.
- 9º posto: 18 puntos.

Así mesmo, aplicarase o dito baremo aos/ás deportistas carentes de competicións nacionais e autonómicas, que así o especifiquen no anexo II e veñan acompañadas por un informe técnico (máximo de 40 puntos).

Esta alínea b) só se puntuará se na alínea a) non teñen puntuación ou a puntuación é menor que a da alínea b). As puntuacións das alíneas a) e b) son excluíntes, non complementarias.

c) Deportistas que competiron formando parte da selección española en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas en convocatoria oficial pola federación nacional nos anos 2025 ou 2026*, escollendo só unha das seguintes competicións (máximo 18 puntos).

En caso de no existir modalidade ou proba olímpica ou paralímpica nunha categoría, requirirase certificado da federación española da modalidade e/ou proba que poida considerarse equiparable.

* Para o ano 2026, poderase valorar a participación no dito campionato, sempre que o acredite a federación nacional, cando esta se vaia producir despois do prazo de presentación de solicitudes.

- Se competiron nos campionatos do mundo: 14 puntos.
- Se competiron nos campionatos de Europa: 12 puntos.
- Sumaranse 4 puntos adicionais se acadan estar entre os 8 primeiros postos do campionato.
- Se competiron en copas do mundo: 9 puntos.
- Se competiron en copas de Europa: 7 puntos.



- Sumaranse 2 puntos adicionais se acadan estar entre os 8 primeiros postos da copa.
- Se competiron en torneos internacionais: 1 punto pola participación en cada torneo, ata un máximo de 3 puntos.

d) Deportistas que competiron formando parte da selección española en modalidades e probas non olímpicas en convocatoria oficial pola federación nacional nos anos 2025 ou 2026, escollendo só unha das seguintes competicións (máximo 8 puntos).

- Se competiron en campionato do mundo: 6 puntos.
- Se competiron en campionato de Europa: 4 puntos.
- Sumaranse 2 puntos adicionais se acadan estar entre os 3 primeiros postos do campionato.
- Se competiron en torneos internacionais: 1 punto polo participación en cada torneo, ata un máximo de 2 puntos.

e) As federacións poderán outorgar ata 10 puntos adicionais a un máximo de 10 deportistas de tecnificación. Esta puntuación irá decrecendo 1 punto por cada deportista ao cal se lle asigna, asignándolles a cada un deles: 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2 e 1 punto. Para poder ser puntuado, a puntuación deberá estar acompañada dun informe técnico da federación correspondente xunto co anexo VI, onde xustifique, con criterios técnicos obxectivos, a puntuación do/da deportista (datos antropométricos, progresión deportiva, condicións de adestramento etc.), reflectida no número 7.1 do anexo II desta convocatoria. De ser negativo o dito informe, xustificadamente, poderá ser motivo da non inclusión do solicitante na cota da modalidade deportiva.

Esta puntuación só se terá en conta para o acceso ás prazas de cada modalidade deportiva. Non se terá en conta no momento que teña que haber un desempate entre seccións deportivas ou para o acceso a prazas dunha sección deportiva que non cheguen a ser cubertas por deportistas desa modalidade e queden abertas á súa cobertura por deportistas doutras modalidades deportivas segundo a orde de puntuación acadada.

2. Criterios académicos.

- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota superior a 8: 8 puntos.



- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media entre 6 e 8: 7 puntos.
- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media inferior ao 6: 5 puntos.
- Se remata en xuño con dúas ou menos materias suspensas, pero acada unha nota media superior a 7: 4 puntos.

3. Criterio de actitude.

No caso de deportistas que aspiren a renovar a súa praza de tecnificación, terase en conta a valoración final residencial sobre o grao de aproveitamento e adaptación aos servizos residenciais, avaliacións deportivas, conforme as normas de convivencia durante o curso 2025/26, emitida pola dirección do centro, cunha escala que irá de 4 a – 4 puntos.

4. Criterios de desempate no grupo de tecnificación.

A prelación de criterios será:

- a) A que obtivo maior puntuación na valoración do rendemento deportivo.
- b) A persoa deportista bolseira o ano anterior que opte por renovar a súa praza no CGTD fronte á que se incorpora ao centro por primeira vez (sempre e cando non teña puntuación negativa, que non terá esta prelación).
- c) A persoa deportista que tivese a nota media máis alta en xuño no expediente académico do derradeiro curso.
- d) A persoa deportista de menor idade.
- e) Orde alfabética de apelidos e nome iniciando pola letra M, conforme o sorteo feito pola Consellería de Facenda e Administración Pública no ano 2026, e publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 16, do 26 de xaneiro de 2026.

5. Cota de prazas de tecnificación como residente.

As prazas máximas do grupo de tecnificación para residentes distribuiranse entre as modalidades e especialidades deportivas do seguinte xeito, e cada sección pode renunciar ao número máximo co pertinente informe técnico da federación:

Atletismo lanzamentos: 4 prazas de residente.



Bádminton: 8 prazas de residente.

Judo: 7 prazas de residente.

Loita: 7 prazas de residente.

Natación pura e augas abertas: 7 prazas de residente.

Natación artística: 5 prazas de residente.

Piragüismo sláalom: 3 prazas de residente.

Piragüismo AT: 18 prazas de residente.

Remo: 3 prazas de residente.

Taekwondo: 9 prazas de residente.

Triatlón: 7 prazas de residente.

Vela: 3 prazas de residente.

Ximnasia: 3 prazas de residente.

6. Criterio de ordenación para a adxudicación das prazas.

Unha vez ordenada a totalidade das prazas que cumpren os criterios de admisión por orde de puntuación, as prazas serán adxudicadas por modalidade deportiva, ata o número de prazas de cada modalidade establecido no punto anterior, e por nivel educativo, de tal forma que se cubra na medida do posible o número máximo de prazas en cada nivel ata a ratio máxima autorizada pola Administración educativa, nos niveis de 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de bacharelato.

As prazas que non sexan cubertas polas diferentes seccións deportivas pasarán á reserva de prazas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Artigo 22. Criterios de valoración para as persoas deportistas de rendemento

As prazas do grupo de rendemento distribuiranse entre as mesmas modalidades e especialidades deportivas que o grupo de tecnificación.



Non serán susceptibles de valoración os resultados acadados en competicións internacionais que non sexan formando parte da selección española en convocatoria oficial pola federación nacional.

a) Deportistas que acadaron un resultado entre os/as 12 primeiros/as, nos derradeiros xogos olímpicos ou paralímpicos, ou campionato do mundo coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas, ata 38 puntos:

- 1º posto: 38 puntos.
- 2º posto: 35 puntos.
- 3º posto: 32 puntos.
- 4º posto: 30 puntos.
- 5º posto: 28 puntos.
- 6º posto: 26 puntos.
- 7º posto: 24 puntos.
- 8º posto: 22 puntos.
- 9º posto: 20 puntos.
- 10º posto: 18 puntos.
- 11º posto: 16 puntos.
- 12º posto: 14 puntos.

b) Deportistas que acadaron un resultado entre os/as 9 primeiros/as no derradeiro campionato de Europa coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas, ata 28 puntos:

- 1º posto: 28 puntos.
- 2º posto: 25 puntos.



– 3º posto: 22 puntos.

– 4º posto: 20 puntos.

– 5º posto: 18 puntos.

– 6º posto: 16 puntos.

– 7º posto: 14 puntos.

– 8º posto: 12 puntos.

– 9º posto: 10 puntos.

c) Deportistas que participaron nos derradeiros xogos olímpicos ou paralímpicos, ou campionato do mundo ou campionato de Europa, coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas, ata 18 puntos.

– Xogos olímpicos/xogos paralímpicos: 18 puntos.

– Campionato do mundo: 15 puntos.

– Campionato de Europa: 12 puntos.

– Xogos europeos: 12 puntos.

d) Deportistas que participaron nos dous últimos campionatos de España de forma individual en modalidades e probas/distancias olímpicas ou paralímpicas, ata 10 puntos:

– 1º posto: 10 puntos.

– 2º posto: 6 puntos.

– 3º posto: 3 puntos.

e) Deportistas que participaron nunha copa do mundo no ano 2026, coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas: 10 puntos.

f) Deportistas que no curso anterior 2025/26 estiveron formando parte dun grupo de tecnificación no CGTD: 6 puntos. Cando a persoa deportista que renove teña un informe



negativo da Dirección do CGTD, nota de convivencia ou valoración final non satisfactoria, esta epígrafe non será valorada. Este criterio non será valorado se non se obtén ningún punto nas epígrafes anteriores.

g) Criterios de desempate no grupo de rendemento.

A prelación de criterios será:

1. A persoa deportista que obtivo unha maior puntuación sumando os puntos correspondentes ao posto obtido no derradeiro campionato de Europa e no derradeiro campionato de mundo, xogos olímpicos ou paralímpicos.

2. A persoa deportista que opte por renovar a súa praza no CGTD (sempre que non teña unha puntuación negativa no informe do CGTD).

3. En caso de continuar o empate, entraría a persoa deportista que obtivo un mellor posto no derradeiro campionato do mundo.

4. A persoa deportista de menor idade.

5. Orde alfabética de apelidos e nome iniciando pola letra M, conforme o sorteo feito pola Consellería de Facenda e Administración Pública no ano 2026, e publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 16, do 26 de xaneiro de 2026.

h) A persoa deportista que, solicitando unha praza de residente 2 no grupo de rendemento, non conseguise acceder a ela pasará á lista de candidatos ao resto de prazas de rendemento, segundo os méritos alegados e os criterios recollidos nesta convocatoria.

CAPÍTULO IV Doutras disposicións

Artigo 23. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas



a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 24. *Información ás persoas beneficiarias*

De acordo co establecido no artigo 14, alínea ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e, xunto cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos dos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así mesmo, os interesados teñen dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na alínea d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 25. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 26. *Réxime xurídico*

O réxime xurídico aplicable a esta convocatoria é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; os preceptos declarados básicos pola disposición derradeira primeira da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa de xeral aplicación.

Artigo 27. *Roles e responsabilidades na protección de datos persoais*

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes terá a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e



tramitación das axudas obxecto desta orde, relativos ás persoas físicas representantes das entidades solicitantes, ás persoas adestradoras, así como ás persoas deportistas candidatas e das beneficiarias finais. A base lexitimadora para o tratamento destes datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público e dunha obrigaón legal (Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras administracións públicas con competencia na materia segundo o especificado nesta orde. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento, o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/coa delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>

As federacións están obrigadas a informar dos aspectos anteriores as persoas deportistas ou, se é o caso, os seus representantes legais, cuxos datos acheguen á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes conforme o previsto nos artigos 13 e 14 do Regulamento xeral de protección de datos.

As federacións deportivas, pola súa banda, terán a condición de encargadas do tratamento dos datos persoais que recaden para a súa comunicación á Consellería e para o desenvolvemento dos restantes compromisos adquiridos ao presentaren as solicitudes reguladas nesta orde, polo que, para os efectos do disposto nos artigos 28 e 29 do RXPDD e no artigo 33 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD), se comprometen a dar cumprimento ás obrigas que se inclúen a continuación, e exixindo idéntico compromiso do persoal, propio ou externo, ao seu servizo:

a) Tratar os datos persoais de acordo coas instrucións do responsable do tratamento e só para os fins deste encargo. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXPDD, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, porao inmediatamente en coñecemento do responsable.

b) Non comunicar os datos a terceiros, salvo que se conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, ou nos supostos legalmente admisibles. O encargado poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste.



O encargado do tratamento non poderá subcontratar ningún dos servizos que formen parte dos compromisos adquiridos a través desta orde e que impliquen o tratamento de datos persoais, salvo os traballos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos seus servizos. Sen prexuízo do anterior, no caso de que o encargado do tratamento necesite subcontratar parte dos servizos en que interveña o tratamento de datos persoais, deberá respectar as condicións indicadas nos números 2 e 4 do artigo 28 do RXPDP.

c) Manter o deber de segredo sobre os datos persoais a que teña acceso en virtude dos compromisos adquiridos por esta orde, aínda finalizado o seu obxecto.

d) Garantir que as persoas autorizadas para o tratamento dos datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que o encargado as informará oportunamente.

e) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

f) Asistir o responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, mediante as medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que poida cumprir coa súa obriga de responder as referidas solicitudes das persoas interesadas no prazo previsto pola lexislación vixente. Para iso, o encargado facilitaralle ao responsable, por primeiro requirimento deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaraos, a través de calquera medio fidedigno, do procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>, e dará traslado, así mesmo, ao responsable do contido da devandita solicitude.

g) Comunicarlle ao responsable do tratamento, de forma inmediata e aplicando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información pertinente para a documentación e comunicación da incidencia, se é o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co disposto no artigo 33 do RXPDP.

h) Apoiar o responsable do tratamento na realización de avaliacións de impacto relacionadas coa protección de datos e na realización de consultas previas á autoridade de control, cando proceda.



i) Implantar, nos casos que sexa de aplicación, as disposicións contidas no Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanente dos sistemas e servizos de tratamento.

- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais rapidamente, en caso de incidencia física ou técnica.

- Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas postas en marcha para garantir a seguridade do tratamento.

- Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se é necesario.

j) Designar, segundo o establecido no artigo 13.5 do devandito Real decreto 311/2022, un punto ou persoa de contacto (POC). O POC de seguridade será o propio responsable de seguridade da organización, unha persoa que forme parte da área de seguridade ou unha persoa que teña comunicación directa con esta ou un departamento ou unidade da organización. O POC contará co apoio dos órganos de dirección, e será quen canalice e supervise, tanto o cumprimento dos requisitos de seguridade do servizo que presta ou solución que provexa, como as comunicacións relativas á seguridade da información e a xestión dos incidentes para o ámbito do dito servizo. Indicarase, en todo caso, o nome e apelidos ou denominación do POC, o posto ou cargo en caso que sexa unha persoa física, así como o correo electrónico e teléfono de contacto.

k) Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para acreditar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos polas entidades acreditadas ou, de non existir, facilitando a realización das auditorías ou inspeccións que faga o responsable ou outro auditor autorizado.

l) Devolver ao responsable, tan pronto como finalice o encargo, os datos persoais e, se é o caso, os soportes onde figuren. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado e subencargados. Non obstante, de conformidade coa normativa en materia de protección de datos, o encargado poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres poidan derivar responsabilidades da execución do encargo.



Artigo 28. Recursos

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional única. Deportistas de vela

As persoas deportistas seleccionadas pola Federación Galega de Vela para o uso do Centro Galego de Vela, situado en Vilagarcía de Arousa, nas clases olímpicas, de tecnificación, así como de alto rendemento con programas encamiñados aos Ánxeles 2028 e con 16 anos feitos en adiante, terán os beneficios de servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia no Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

A duración dos beneficios das persoas deportistas de vela será desde o 8 de setembro de 2026 ata o 4 de setembro de 2027.

Disposición derradeira primeira. Habilitación

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, cantos actos e medidas sexan precisos para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2026

Diego Calvo Pouso
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes




**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO I

PROCEDEMENTO PRAZAS DE TECNIFICACIÓN E RENDEMENTO DEPORTIVO NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PR952A	DOCUMENTO SOLICITUDE
------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE
IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

RAZÓN SOCIAL

ENDEREZO

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PARROQUIA	LUGAR
<input type="text"/>	<input type="text"/>

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>

EN A SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

OUTROS DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nº NO REGISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
<input type="text"/>

OUTROS DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

CARGO/VINCULACIÓN COA ENTIDADE
<input type="text"/>




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES**
**ANEXO I
(continuación)**
DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA FEDERACIÓN
FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE:

SOLICITA PARA O CURSO 2026/27:
GRUPO DE TECNIFICACIÓN

GRUPO DE RENDEMENTO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que acepta as bases da convocatoria de subvención establecidas na resolución.
- Que presenta o proxecto de tecnificación ou rendemento polo menos coas seguintes epígrafes:
 - Equipo técnico: propostas da persoa adestradora responsable da sección deportiva e das persoas adestradoras responsables de grupo.
 - Obxectivos xerais do programa de tecnificación e/ou rendemento.
 - Criterios metodolóxicos xerais.
 - Competicións de referencia en 2026.
 - Competicións de referencia en 2027.
 - Relación completa das solicitudes recibidas.
 - Relacións, por orde de preferencia, de deportistas propostos para o curso 2026/27. Reflectir tanto os que renovan praza como as novas incorporacións.
 - Achega directa da federación española correspondente ao programa de tecnificación e/ou rendemento do Centro.
 - Outra información de interese (resumo do plan de tecnificación da federación deportiva, convenios subscritos con outras federacións, etc.).
- Que as persoas deportistas propostas, ou os seus pais ou titores, se son menores de 14 anos, foron informadas do tratamento dos seus datos persoais, ao abeiro do artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e do artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, segundo o modelo de solicitude incluído como anexo VII desta convocatoria.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- | | |
|--------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> | Anexo II: proxecto de tecnificación e/ou rendemento para o curso 2026/27. |
| <input type="checkbox"/> | Anexo III: proposta equipo técnico. |
| <input type="checkbox"/> | Anexo IV: persoa adestradora responsable da sección deportiva: declaración de coñecemento das súas funcións e declaración de non estar en situación de incompatibilidade. |
| <input type="checkbox"/> | Anexo V: persoa adestradora responsable de grupo: declaración de coñecemento das súas funcións e declaración de non estar en situación de incompatibilidade. |
| <input type="checkbox"/> | Anexo VI: valoración técnica das persoas deportistas. |
| <input type="checkbox"/> | Anexo VII: solicitude de praza para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) para a tempada 2026/27. Datos da persoa deportista |




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES**
**ANEXO I
(continuación)**
COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

